


REMATAMOS O CURSO 19/20

ESTIMADAS FAMILIAS:

ESTA SEMANA REMATAMOS O CURSO ESCOLAR 19/20 DUNHA FORMA ATÍPICA, SIN PODER GOZAR DUNHA INTERACCIÓN SOCIAL FUNDAMENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO ÓPTIMO NESTA ESTAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL.

UN CURSO MI DIFÍCIL DEBIDO AS EXPERIENCIAS VIVIDAS POLAS OBRAS E FINALMENTE POLO COVID-19.



AS TITORAS QUEREMOS RECOÑECER E AGRADECER O ESFORZO DE TODAS AS FAMILIAS NESTE PERÍODO DE ENSINANZA NON PRESENCIAL. PORQUE GRACIAS A VOSA COLABORACIÓN E IMPLICACIÓN NA EDUCACIÓN DOS VOSOS FILL@S ESTAMOS SEGURAS DE QUE AS EXPERIENCIAS DOS NÓS NEN@AS NON FORON TAN NEGATIVAS XA QUE PUIDERON DESENVOLVER E COMPLETAR A EDUCACIÓN DESTE TRIMESTRE CO MELLOR DOS AGASALLOS, UN TEMPO DE CARIÑO E TRABALLO EN FAMILIA .



CONFIAMOS EN QUE O VINDIERO CURSO ESCOLAR POIDAMOS DISFRUTAR DUNHA ENSINANZA PRESENCIAL E DE CALIDADE.

MANDÁMOSVOS ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS E IDEAS QUE ESPERAMOS QUE VOS SIRVAN DE ORIENTACIÓN PARA ESTE VERÁN.

CON TODO O NOSO CARIÑO, BO VERÁN E GRACIAS POR TODO!!



RECOMENDACIÓN S PARA O VERÁN

- **MANTER UNHAS RUTINAS DE VERÁN SEMANAIS** (os nen@s poden ser partícipes da organización das mesmas) axudando a que os cativ@s teñan coñecemento e poidan planificar a súa actividade diaria, evitando inquietudes innecesarias.
- **HÁBITOS DE HIXIENE E AUTOMÍA PERSOAL:** facéndoos partícipes das tarefas habituais, realizando eles sós as accións segundo as pautas indicadas polo adulto: aseo de mañán, vestirse, axudar a preparar o desalluno, recoller, ordear a habitación, axudar a poñer a mesa, comer, recoller, o mesmo para o momento da cea , aseo de noite, desvestirse , poñer roupa de cama, conto para durmir.
- **ESTABLECER UN “TEMPO EDUCATIVO” DE MEDIA hora** (non máis) ao día ou tres días á semana. Podendo adicarlle este momento a xogos ou unha ficha dunha área distinta cada día, á ser posible polas mañáns :
 - lecto-escritura .
 - lóxica-matemática.
 - conto e representación do mesmo.
 - expresión artística e musical.



- **MOMENTOS DE XOGO LIBRE:** onde o nen@ poida elixir o seu xogo sin indicacións do adulto, sería convinte que ao día tivera dous momentos importantes, un no interior do fogar e outro ao aire libre. Soe ser un espazo de xogo simbólico, construcións, exploración do medio, de movemento e axilidade física.
- **ACTIVIDADE COLABORATIVA :** unha tarefa ou xogo realizado de forma cooperativa entre o nen@ e un adulto, ou con outro neno@(irmán, primo...). Favorecendo habilidades sociais (esperar o turno , expresarse e escoitar aos demais, valorar o labor do outro e mediar é coordinar a propia acción coa dos demais para conseguir lograr unha tarefa final común)
Algúns exemplos serían: elaboración dun puzzle, receitas, creacións artísticas...



- **IMPORTANCIA DO XOGO E A INTERACI3N CON OUTROS NENOS PARA A APRENDIZAXE.** (na medida do posible, seguindo o recomendado na desescalada do COVID-19)
- **FOMENTAR A ACEPTACI3N DE NORMAS CON XOGOS REGLADOS:** xogos de mesa, tradicionais, etc.: Oca, Parch3s, Tres en raia, a Gali3a cega, o Escondite...



IDEAS DIVERTIDAS E EDUCATIVAS

- **APROVEITAR SITUACIÓNS COTIÁS PARA REFORZAR CONCEPTOS BÁSICOS:** moitos/poucos/algúns, lonxe/cerca, cheo/baleiro, tamaños, ubicarse no tempo ...
- **RECOÑECER DISTINTAS FORMAS, MATERIAIS E CAMBIOS DA ESTACIÓN NO ENTORNO .**
- **ESCRIBIR, LER E RELACIONAR NÚMEROS COA CANTIDADE CORRESPONDENTE.**
- **FOMENTAR A EXPRESIÓN ORAL E A CREATIVIDADE:** expresar as emocións e as prioridades, contar o que se fixo con anterioridade, describir debuxos , escoitar, narrar, dramatizar e inventar contos.
- **INICIARSE NA LECTURA E ESCRITURA DE PALABRAS SINXELAS.**
- **ADIVIÑANZAS SOBRE O VERÁN.**
<https://www.pequeocio.com/adivinanzas-faciles-ninos/>

- **CANCIÓNS DO VERÁN.**

<https://www.youtube.com/watch?v=fPxj30HfTOg>

<https://www.youtube.com/watch?v=VaUrewxH1d4>

<https://www.youtube.com/watch?v=rFGEb0jRASg>

- **RECEITAS REFRESCANTES:** xeados naturais, granizados...
- **MANUALIDADES:** aproveitando materiais de reciclaxe e naturais (pedras, area, estampados de froitas...).
- **EXCURSIÓNS EN CONTACTO COA NATUREZA:** onde lles transmitimos hábitos saudables, experimentan e observan o medio. Poden levar lupas para explorar e recoller elementos naturais para inspeccionalos no fogar.
- **XOGOS CON AUGA:** guerra de esponxas ou de globos, piñata de auga, xogo con pompas...
- **WEB CON ALGUNHAS DESTAS IDEAS DIVERTIDAS PARA O VERÁN:**
<https://www.pequeocio.com/38-actividades-con-ninos-en-verano/>